

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 21 DE MARZO DE 2005

7.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Acórdase a aprobación inicial de dúas subvencións para á rehabilitación de vivendas do casco histórico que de seguido se detallan polo importe de 14.221,20 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Fco. Javier Calvo García, en representación da comunidade de propietarios	R/ Corredoira das Fraguas, 88/90	10.728,96
M ^a Soledad Tojo Mosquera, en representación da comunidade de propietarios	Calzada de San Pedro, 14	3.429,24

Acórdase a aprobación definitiva de tres subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas do casco histórico que de seguido se detallan polo importe de 35.782,53 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
M ^a Jesús Vázquez, en representación da comunidade de propietarios	R/ Patio de Madres, 9	10.231,61
Carlota Eiros García, en representación da comunidade de propietarios	Rúa Carreira do Conde, n ^o 17	19.409,10
M ^a Jesús Vázquez Viaño	Rúa Patio de Madres, 9-2 drch	6.141,82

10.- Proposta do Concelleiro Delegado de Mercados relativa á adxudicación da asistencia técnica para a realización de sondaxes arqueolóxicas valorativas na superficie afectada pola remodelación da Praza de abastos,

Acórdase adxudicar a asistencia técnica para a realización de sondaxes arqueolóxicas valorativas na superficie afectada pola remodelación da Praza de abastos á empresa Tomos, Conservación restauración S.L. polo importe de 21.894,52 euros (IVE incluído) ao ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

11.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á xestión dos campos de fútbol de Aríns, Nemenzo, Grixoa e Marrozos.

Acórdase:

a) A cesión da xestión dos campos de fútbol de Grixoa e Marrozos á Sociedade Deportiva Grixoa e a Asociación de Veciños Francisco Beiró de Marrozos, respectivamente. A xestión consistirá no control, limpeza das instalacións e vestiarios, pintado do campo e vixilancia en xeral, co material deportivo axeitado, excluindo as obras. O Concello aboará a cada unha destas entidades a cantidade de 1.250 euros (IVE incluído), máis a cantidade que resulte de multiplicar o número de horas reais utilizadas para as prácticas deportivas que o Concello determine polo prezo de 12 euros/hora (IVE incluído), desde o 1 de setembro de 2004 ata o 31 de decembro de 2005. Esta cantidade non superará en ningún caso os 7.000 euros (IVE incluído) por cada unha das entidades.

A Sociedade Deportiva Grixoa e a Asociación de Veciños Francisco Beiró de Marrozos terán dereito a uso preferencial destas instalacións, de xeito gratuíto respectivamente.

b) A contratación para a utilización de actividades deportivas que o Concello determine dos campos de fútbol de Nemenzo e Aríns, xestionados, respectivamente, polo Asociación de Veciños Campo do

Monte de Santa Cristina de Nemenzo e Coto da nai de Aríns. Ambas instalacións deberán estar controladas e coa axeitada limpeza e en condicións de uso. O Concello aboará a estas entidades a cantidade de 1.250 euros (IVE incluído), máis a cantidade que resulte de multiplicar o número de horas reais utilizadas para as prácticas deportivas que o Concello determine polo prezo de 12 euros/hora (IVE incluído), desde o 1 de setembro de 2004 ata o 31 de decembro de 2005. Esta cantidade non superará en ningún caso os 7.000 euros (IVE incluído). Esta cantidade non superará en ningún caso os 4.500 euros (IVE incluído) por cada unha das entidades.

12.- Aprobación inicial do Plan de sectorización do solo urbanizable non programado número 5 (SUNP-5) da Muiña.

Acórdase aprobar inicialmente o Plan de sectorización do solo urbanizable non programado número 5 (SUNP-5) da Muiña.

Datos SUNP 5 – A MUIÑA

? Superficie total	75.480 m ²
? Superficie construída	49.062 m ²
? Uso residencial	48.294 m ² construídos
	-415 vivendas
? Uso comercial	768 m ²
? Zonas verdes	16.215 m ²
? Sistema de equipamentos comunitarios	15.449 m ² :
	-8.195 xeral (xa construídos)
	-7.254 local

13.- Aprobación inicial do Plan de sectorización do solo urbanizable non programado número 32 (SUNP-32) de Monte Medorra-Bando.

Acórdase aprobar inicialmente o Plan de sectorización do solo urbanizable non programado número 5 (SUNP-5) da Muiña.

SUNP 32- BANDO (CIDADE DA IMAXE)

? Superficie total	487.768 m ²
? Superficie construída	274.370 m ²
? Sistema de zonas verdes	129.973 m ²
? Sistema de equipamentos comunitarios	9.755 m ²
? Reserva vias	102.155 m ²
? Reserva futuro periférico	21.263 m ²
? Aparcamentos públicos	2.744 plazas

19.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á autorización para utilizar con carácter gratuíto dun campo de fútbol municipal.

Acórdase autorizar a cesión con carácter gratuíto do campo de fútbol de San Lázaro II, se as condicións do terreo o permitiran, ou, como alternativa, o campo de fútbol das Cancelas para a realización de cursos de técnicas deportivas os próximos días 22, 23, 24, 25 e 26 de marzo en horario de 10.00 a 14.00 horas. Estes cursos desenvólvense no marco dos cursos de formación promovidos pola Consellería de Emigración para os galegos residentes no exterior. Acórdase tamén a cesión da sala de prensa do Estadio Municipal de San Lázaro para impartir os contidos teóricos destes cursos.

22.- Aprobación de liquidación presentada por TUSSA relativa ó servizo de transporte urbano para 2004.

Acórdase aprobar a devandita liquidación, como resultado da cal a subvención a aboar polo Concello resulta de 1.588.397,92 euros. Desta cantidade foi aboada a conta durante o ano 2004 un total de 1.270.866 euros, quedando pendente 317.531,92 euros.

24.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación das Bases e orzamento da convocatoria da III edición dos premios Educacompostela.

Acórdase aprobar as bases para a convocatoria da III edición dos premios Educacompostela así como un orzamento de 4.500 euros para o seu desenvolvemento

25.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación do programa de utilización didáctica da cidade "Vivir Santiago 2005".

Acórdase aprobar o programa de utilización didáctica da cidade "Vivir Santiago 2005" cun orzamento de 20.000 euros.

26.- Proposta da Concelleira Delegada da Muller relativa á designación do persoal que conformará o Centro municipal de información á muller e da súa directora.

Acórdase a designación de seguinte persoal que conformará o Centro municipal de información:

- ? Sandra Noya Ceruelo.
- ? Esperanza Rodríguez Martínez,
- ? Directora: Amparo Verdú Hidalgo.

Urxencias.-

Acórdase aprobar o proxecto de remodelación de beirarrúas na rúa Touro (Almáciga), redactado polos servizos municipais, cun orzamento de execución por contrata de 255.736,29 euros